

A auga nas nosas vidas

Centro: CEIP "SACO E ARCE" – TOÉN

Autoría: José Conde Suárez

Sinopse do traballo:

O traballo por proxectos é unha forma de propiciar experiencias motivadoras onde os protagonistas da aprendizaxe son os rapaces, posto que son os que propoñen, pensan, dialogan, participan, investigan... para chegar, neste proxecto, a coñecer e valorar os usos da auga e o seu uso responsable.

Delimitación do campo de traballo:

Etapa: 2º e 3º Ciclo de Primaria

Áreas : Lingua, Coñecemento do Medio, Plástica

ÍNDICE

1.-XUSTIFICACION	3
2.- OBXECTIVOS	3
3.-CONTIDOS	4
4.-METODOLOXÍA	5
5.-TEMPORALIZACIÓN	5
6.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS	6
7.- AVALIACIÓN	6
8.-CONCLUSIÓNS	7

A AUGA NAS NOSAS VIDAS

1.-XUSTIFICACION

A organización do *traballo por proxectos* responde a unha concepción da escola como un auténtico centro de experiencias e observación. É unha forma de entender o proceso de ensino-aprendizaxe desde un sistema educativo aberto, baseado nuns principios metodolóxicos que fomenten a aprendizaxe.

Os nenos e as nenas aprenden se queren aprender. Deben amosar unha actitude favorable, polo que a motivación é un requisito indispensable.

O obxecto de estudo debe partir das súas necesidades e intereses, pois aprenden mellor cando a información e os coñecementos que se lles presentan son significativos para eles.

Por iso eliximos a *auga* como punto de partida. A *auga* é vital para os seres humanos, para os animais e as plantas, por iso contribuíu á formación de pobos, vilas e cidades.

O noso concello está atravesado polo río Miño que, desde antigo, ademais de ser unha importante vía de comunicación, pois a xente trasladábase en barca dun pobo a outro, foi tamén unha gran despesa...

Consideramos que é importante proporcionar aos alumn@s recursos para o coñecemento do seu contorno e para aprender a respectalo, conservalo e melloralo.

No traballo por proxectos o alumnado é coparticipe en todo o proceso, non é un mero executor das propostas do docente, e por iso sabe (ten experiencias previas), constrúe, aprende e interactúa.

Esta forma de traballo potencia a autonomía persoal, o sentido crítico e valores como a democracia e a participación. Tamén fomenta o desenvolvemento de capacidades, pois os rapaces/as investigan, planifican, buscan e recollen información, procésana, formulan hipóteses, argumentan, debaten, crean, resoven problemas, establecen relacións, comparan, analizan, observan, imaxinan...., son protagonistas e actúan e desenvólvense atopando fórmulas de cooperación, é dicir APRENDEN SIGNIFICATIVAMENTE.

2.- OBXECTIVOS

Comúns a todos os traballos por proxectos:

- Favorecer a creación de estratexias de organización do coñecemento escolar en relación ao tratamento da información.
- Converter os proxectos nun eixo integrador de todos os coñecementos e saberes escolares
- Relacionar os diferentes contidos a tratar para facilitar a construción dos coñecementos e a transformación da información procedente dos distintos saberes disciplinares en coñecemento propio.
- Facilitar a apertura da aula ao contorno, involucrando a outras persoas non docentes.
- Elaborar hipóteses, preguntas e explicacións para certos feitos.
- Dar resposta ás preguntas e inqedanzas

- Tomar conciencia da necesidade de buscar e obter información para ampliar o coñecemento.
- Utilizar e recorrer a diversas fontes de información
- Descubrir distintos tipos de textos e soportes como recursos de información.
- Tomar decisións conxuntas e chegar a acordos no grupo
- Utilizar técnicas de recollida de datos.

Obxectivos didácticos deste proxecto

- Recoñecer e representar o ciclo da auga.
- Valorar os usos sociais da auga (vivenda, regadío, rega, pesca, ...) e a importancia da súa utilización responsable.
- Elaborar traballos sobre os seres vivos e plantas do contorno próximo
- Analizar máquinas do contorno identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias.
- Empregar mapas para identificar elementos xeográficos e do relevo do contorno (ríos), así como para localizar lugares
- Identificar o patrimonio natural, cultural ... participando na súa defensa e conservación
- Analizar e valorar a intervención humana no medio adoptando o compromiso de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.
- Utilizar as TIC para aprender a aprender , para obter información na internet e para compartir coñecementos, usando a nivel básico o tratamento de textos
- Utilizar diversas fontes de información (libros, información oral, medios de comunicación, TIC) para obter , seleccionar e contrastar información sobre aspectos da realidade local. Para elaborar murais coa información recollida.
- Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.
- Valoración e respecto polo patrimonio histórico como fonte de información de pasado, e comparación das formas de vida e de traballo doutras épocas.
- Relacionar as áreas de Lingua e coñecemento
- - Empregar a *biblioteca* do centro como centro de recursos multimedia para a obtención de información
- Preparar *saídas* para a observación dos seres vivos do contorno e para recoñecer elementos da paisaxe.
- Fomentar a *páxina web* do centro http://centros.edu.xunta.es/ceipsacoeearce/actividades/medio_ambiente como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

3.-CONTIDOS

- A auga. Ciclo da auga. Os ríos do contorno próximo. O río Miño. Curso alto, medio e baixo . Os ríos de Galicia. Os usos da auga . A pesca . Útiles de pesca. Flora e fauna. A contaminación dos ríos.
- As fontes .Partes dunha fonte. Seres vivos (flora e fauna). Fontes dos nosos pobos
- As aceas .Partes dun muíño. Enerxía empregada para mover a roda. Muíños do noso concello.
- O concello . A comarca. Descrición xeográfica
- A malla . O pan .
- Poemas, adiviñas, pasatempos e cantigas relacionadas coa auga.

4.-METODOLOXÍA

Seguemos a metodoloxía do *traballo por proxectos*, método que xira ao redor dun tema onde o grupo ten que atopar as fontes de información e materiais precisos.

Trátase dun eixo metodolóxico enmarcado dentro dun enfoque globalizador. Organízanse os contidos de aprendizaxe mediante o tratamento da información, onde se relacionen as distintas fontes, linguaxes, procedementos ...

Fases de desenvolvemento do proxecto:

- Motivación Que nos interesa?
- Ideas previas : Que sabemos da auga, os seus usos, as fontes, os nosos ríos...
- Definición do proxecto: Que queremos saber ou facer ?
- Fontes de documentación e previsión de recursos: De que información e recursos dispomos?
- Aspectos organizativos, relación de actividades:

En gran grupo:

- Determinación do que sabemos e do que queremos saber
- Planificación de actividades
- Recopilación de recursos e material bibliográfico
- Elaboración de murais
- Elaboración de fichas para a recollida de datos sobre os ríos, fontes e aceas do contorno
- Elaboración de entrevista para o técnico de medio ambiente
- Elaboración de preguntas sobre as artes de pesca
- Visitas as fontes e aceas de cada pobo.
- Visita ao río Miño

En pequenos grupos

- Buscar información na internet, en libros ou de maneira directa, falando cos veciños, familiares...
- Manexar información en diferentes soportes (internet, CD-roms, enciclopedias, libros, información oral...) para logo resumila e presentala por escrito empregando tanto o papel como o tratamento de textos (titulación, inserir imaxes arquivo, táboas, impresión,)
- Lectura de libros, artigos...
- Mapas do curso dos ríos de cada pobo
- Preparar diferentes itinerarios para a observación das fontes e aceas dos seus pobos,

Traballo individual

- Fotografías da fonte ou acea que hai en cada pobo
 - Debuxos das fontes para ilustrar a información atopada
 - Escritura de textos en papel e no ordenador
 - Transmitir oralmente e "in situ" aos compañeir@s a información obtida sobre a fonte ou acea do seu pobo
 - escoitar , memorizar e reproducir textos da literatura popular (adiviñas, poemas, refráns) relacionados co tema da auga
 - Elaborar pasatempos
- Conclusión , síntese : Avaliamos o proceso e os resultados

5.-TEMPORALIZACIÓN

O proxecto foi desenvolvido durante o segundo e terceiro trimestres do curso 2006 – 2007 cos alumn@s do 2º e 3º Ciclo de EP

6.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Fóra da aula :

Visitas ás distintas fontes que hai en cada pobo: San Fiz, Alongos, Freixendo, Moreiras, Xestosa, O Moreiro, Puga, Trelle

Visita ao río Miño e aos ríos de San Fiz e Puga para observar as aceas e o seu estado.

Visita ao río Miño para observar as artes de pesca antigas , así como a flora e fauna.

Dentro da aula:

Fixemos uso da aula ordinaria , así como a aula de informática e a Biblioteca escolar.

Na *biblioteca* centralízase o material bibliográfico e multimedia

Na *aula ordinaria* realizamos as actividades de debuxo, observación de mapas e escritura, elaboramos as preguntas para as entrevistas e as fichas de recollida de datos e fíxose a posta en común da información atopada.. Tamén foi o lugar de toma de decisións, planificación das actividades e preparación das saídas.

Na *aula de informática* buscaron información na internet e elaboraron os traballos empregando o PC: descargar as fotografías que cada alumn@ fixo para ilustrar a información; maquetar o traballo (títulos, inxerir imaxes, formato...) e imprimilo.

7.- AVALIACIÓN

- Inicial

Definida na fase de ideas previas, respostando ao que sabían sobre o tema e elaborando distintas hipóteses

- Formativa

Durante todo o proceso a partir dunha observación sistemática, con recollida de datos e anotacións sobre o desenvolvemento da actividade, preguntándonos que van aprendendo, permitindo a autoavaliación do alumnado para poder ir modificando aspectos, ampliando ou reducindo actividades e reconducindo propostas, así como modificando os espazos e os tempos en función do descorrer do proxecto.

- Final

Analizamos o resultado final, comparándoo co inicio da actividade, atendendo a adecuación dos obxectivos, actividades e contidos programados .

Autoavaliación do alumnado tanto individual como grupal, e comunicación en gran grupo.

Avaliación dos materiais, da adecuación dos obxectivos e contidos e do seu grao de asimilación.

A participación dos alumn@s , os agrupamentos realizados.

Análise do plan de acción e recollida de datos

Aspectos a mellorar e ampliar.

8.-CONCLUSIÓNS

- Este proxecto de traballo provocou o interese tanto dos alumn@s, das familias como dos maestr@s implicados. . O grao de motivación, participación e implicación, de toma de iniciativas, de acordos acadados, foi moi alto ao longo de todo o proceso.
- Produciuse unha aprendizaxe significativa. Fomentáronse actividades onde tiveran a posibilidade de poñer en acción os novos coñecementos.
- No plan de traballo abordáronse actividades correspondentes a distintas áreas, posibilitando e descubriendo a relación entre elas.
- Manexamos información en diferentes soportes e elaboráronse materiais relacionados co obxecto de coñecemento traballado. Eses recursos pasan a formar parte dos recursos da biblioteca e das fontes de información e consulta.